



CIRCULAR 77-2023.

XI CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE CLUBS SUB 14

- *A todas as delegacións da FGA.*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

Art.1).- A F.G.A organiza o XI Campionato Xunta de Galicia de Clubs Sub 14 o día 11 de Xuño de 2023 nas pistas do Centro Galego de Tecnificación Deportiva en Pontevedra.

Art.2).- Poderán intervir os 12 clubs masculinos e femininos con mellor estadillo de marcas a un atleta por proba e coas mesmas condicións previstas no art. 3.

- A presentación de estadillos realizarase remitindo a direcciontecnica@atletismo.gal o documento "Confección do Estadillo" publicado na web da FGA ([pode acceder premendo aquí](#)) e indicando, en todo caso, nome e apelidos do atleta, marca, lugar e data de realización.
 - O prazo de presentación rematará ás 23:59h do xoves 1 de xuño.
- As táboas de puntuación mesturan táboas da WA, da RFEA e da propia FGA, elaboradas para esta competición.
- As probas a presentar no estadillo son as seguintes:

80, 150, 500, 1.000, 2.000 (ou 3.000), 80v, 220v, 1.000 obstáculos, altura, pértega, lonxitude, triplo, peso, disco, xavelina, martelo de 2kg (ou 3kg) e 2.000 marcha (ou 3.000 marcha).

Serán válidas as marcas realizadas nas tempadas 2022 e 2023, tanto en aire libre como en pista cuberta, por atletas con licenza en vigor polo club participante ou asociados a este, aínda que teñan estado noutro club no 2022.

Art.3).- Poderán participar atletas Sub 14 pertencentes aos clubs clasificados e aos seus asociados, coas seguintes limitacións:

- Cada atleta poderá participar en dúas probas (no caso de ser carreiras só unha poderá superar os 250m).
- Número máximo de participacións de clubs asociados por equipo: 4

Por acordo da Comisión de Clubs non se permitirá a participación de ningún Club nin atleta fora de concurso.

Art.4).- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://sdp.rfea.es/>) ata as 20:00 horas do mércores 8 de xuño.

Cada Club deberá realizar inscrición nun mínimo de 14 probas, non sendo admitidos aqueles que non cubran ditas prazas.



Art.5).- O sistema de puntuación por proba establecerase por postos, atendendo ó seguinte:

1°=N; 2°=N-1; 3°=N-2... etc., sendo N o número de clubs participantes.

En caso de empate repartiranse os puntos entre os clubs implicados.

Aqueles atletas ou equipos que non obteñan una marca válida na súa proba ou sexan descualificados non puntuarán.

Aqueles clubs que non acaden 14 participacións, non tomarán parte da clasificación final. En dito caso, non se alterarán as puntuacións obtidas polos restantes clubs.

Proclamarase campión o Club que obteña maior cantidade de puntos.

En caso de empate a puntos na clasificación final, resolverase en favor do club que teña máis primeiros postos; de persistir o empate, en favor do que obteña máis segundos postos e así sucesivamente.

Art.6).- Haberá trofeo para os tres primeiros clasificados, sendo obrigatorio acudir ao protocolo de entrega dos mesmos.

Art.7).- O/a delegado/a oficial de cada Club poderá efectuar un máximo de 5 trocos na composición do seu equipo ata 10 minutos antes do peche de cámara de chamadas. Os cambios efectuados na proba de remudas sobre a inscrición inicial, non se contabilizarán.

Art.8).- En lanzamentos e saltos horizontais os/as atletas disporán de 4 intentos, sen cambio de orde.

Art.9).- Distancias das táboas de batida:

-Lonxitude → 2 m.

-Triplo → 6 e 8 m.

Art.10).- Nos saltos verticais non se realizará desempate polo primeiro posto.

Art.11).- Cadencias nos saltos verticais.

Comezarase, dentro da cadencia, na altura máis baixa das solicitadas polos atletas e que permita a instalación:

As cadencias publicaranse unha vez pechado o prazo de inscrición.



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



Art.12).- Cámara de chamadas

Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto.

Peche da cámara de chamadas → 5' antes da saída a pista.

| SAÍDA A PISTA | |
|---|------------|
| Minutos antes da hora oficial da proba | |
| Carreiras e marcha | 7' |
| Valos e remudas | 10' |
| Pértega* | 35' |
| Concursos restantes | 20' |

*No caso de haber máis de 8 atletas inscritos, a saída a pista realizarase 50' antes da hora oficial da proba.

Os atletas deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.

Art.13).- A presentación de artefactos persoais para a súa homologación abrirá ás 9:00 horas e pechará 50' antes do comezo da súa proba, agás na proba de xavelina, para a que pechará 1h30' antes do seu inicio.

Art.14).- Sorteio de estaxes e orde de actuación.

- Realizarase un sorteio aleatorio en cada unha das probas.

Art.15).- Horario provisional:

| HORARIO PROVISIONAL – Cto. Xunta de Galicia de Clubs Sub 14 | | | | | |
|--|--------------|-----------|-------------|------------|-------------|
| 80v homes | 10:00 | Disco H | Altura H | Peso M | Lonxitude M |
| 80v mulleres | 10:10 | | | | |
| 500 homes | 10:25 | | | | |
| 500 mulleres | 10:32 | | | | |
| 150 homes | 10:40 | | | | |
| 150 mulleres | 10:50 | | | Peso H | Lonxitude H |
| 1000 homes | 11:00 | Disco M | | | |
| 1000 mulleres | 11:10 | | | | |
| 2000 homes | 11:20 | | Altura M | | |
| 2000 mulleres | 11:35 | | | | |
| | 11:40 | | | Xavelina M | |
| 80 homes | 11:50 | | | | |
| 80 mulleres | 12:00 | Martelo H | | | Triplo M |
| 1000obstáculos H | 12:15 | | | | |
| | 12:20 | | | | |
| 1000obstáculos M | 12:30 | | | Xavelina H | |
| | 12:45 | | Pértega H/M | | |
| 220v homes | 12:50 | | | | Triplo H |
| 220v mulleres | 13:00 | Martelo M | | | |
| 2000 marcha H/M | 13:10 | | | | |
| 4x80 homes | 13:30 | | | | |
| 4x80 mulleres | 13:45 | | | | |



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



Art.16).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo ás normas da FGA, RFEA e WA.

A Coruña, a 27 de maio de 2023

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo